P-2703300-J
Praza da Galeguidade, 4 – 27836. Muras (Lugo)
Tfno: 982 500001/12. Fax: 982 500063

# ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO DO PLENO DO CONCELLO DE MURAS O DÍA 31 DE DECEMBRO 2018

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Muras, o día 31 de DECEMBRO de dous mil dezaoito, reúnese o Concello Pleno para celebrar, en primeira convocatoria, sesión pública extraordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO e con asistencia dos Concelleiros:

DONA BELEN CHAO RAMIL (BNG)
DON MARIO ROUCO REI (PSdeG-PSOE)
DON JOSÉ DANILO REQUEIJO CASTRO (PP)
DONA ROSARIO CECILIA REY LÓPEZ (PP)
DON JOSÉ PAJÓN PENABAD (PP)

Non asiste á reunión Don Carlos Carballés Penabad.(BNG)

Da fe do acto o Secretario do Concello don Froilán Pallín Seco.
Sendo as vinte horas e quince minutos pola Presidencia declárase aberta a sesión.

De seguido sométense a debate e aprobación os seguintes asuntos:

## PRIMEIRO.- BONIFICACIÓN DO IBI.

Sr. Alcalde:
Abre a quenda de intervencións o Sr.Alcalde e detalla no pleno a Proposta de Alcaldía sobre bonificación do IBI, e na que se presentaron 33 solicitudes, quedando finalmente os inmobles aprobados do xeito que se relata integramente a continuación :

### *PROPOSTA DA ALCALDÍA*

***APROBACIÓN DA DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE DOS INMOBLES NOS QUE SE DESENVOLVAN TOTAL E EXCLUSIVAMENTE, ACTIVIDADES AGRARIAS E GANDEIRAS PERTENCENTES AO SECTOR PRIMARIO NO CONCELLO DE MURAS***

*Visto que o concello de Muras aprobou nesta lexislatura a modificación da ordenanza fiscal do Imposto de Bens Inmobles (IBI) introducindo novas bonificacións co fin de axudar aos veciños a afrontar aquel "catastrazo" que aprobara o Partido Popular no seu día dende o goberno central.*

*Vistas as solicitudes dos veciños e veciñas solicitando bonificacións do 95 por cento da cota íntegra do imposto, dos seus inmobles, por desenvolverse neles total e exclusivamente, actividades agrarias e gandeiras pertencentes ao sector primario, acolléndose ao Art.9.5 Ordenanza Fiscal do Imposto dos Bens Inmobles do concello de Muras*

*Visto o informe de José Villanueva Villabrille, Enxeñeiro Técnico Forestal (colexiado Nº 929 COETFG) ao que se lle encomendou informar as solicitudes dos veciños e veciñas*

P-2703300-J
Praza da Galeguidade, 4 – 27836. Muras (Lugo)
Tfno: 982 500001/12. Fax: 982 500063

*Visto o disposto nos arts. 105 a 111 da lei 7/1985 de 2 de abril, de Bases do réxime Local , no tocante á potestade regulamentaria das entidades locais en materia tributaria*

*Visto o disposto no art 22 d) da lei 7/1985 de 2 de abril, de Bases do réxime Local, polo que a competencia para a aprobación de ordenanzas corresponde ao Pleno do concello.*

*Visto o disposto no art. 9.5 da Ordenanza Fiscal do Imposto dos Bens Inmobles do concello de Muras que dispón que "Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, previa solicitude dos suxeitos pasivos, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros."*

*Propoño, ao Pleno da Corporación Municipal do Concello de Muras a adopción do seguinte* ***ACORDO:***

***"1º.-*** *Declarar de especial interese os seguintes inmobles que se relacionan e aprobar a bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto do IBI:*

| ***RELACIÓN DE INMOBLES DE ESPECIAL INTERESE*** | | |
|---|---|---|
| ***REF. CATASTRAL*** | ***TITULAR*** | ***NIF*** |
| *27033A093001220000FA* | *Dona Alicia Chao Camba* | *76.535.685-B* |
| *27033A092001820000FY* | *Dona Margarita Montouto Funcasta* | *76.563.923-M* |
| *27033A097000600000FW* | *Don Aquilino Cuba Camba* | *33.730.910-F* |
| *27033A048000240000FS* | *Dona Delia Mª Carmen Arnejo Cortiñas* | *76.530.146-S* |
| *27033A075004790000FF* | *Dona Enelia Franco Sueiro* | *76.370.886-F* |
| *27033A075000160000FU*<br>*27033A075000090000FJ*<br>*27033A075006380000FF* | *Don José Antonio Tojeiro Pita* | *76.563.900-M* |
| *27033A064003440000FQ* | *Dona Mª Teresa Chao Pernas* | *33.833.447-X* |
| *27033A023000060000FP* | *Don José Carlos Pereiras Penabad* | *76.544.629-P* |
| *27033A094000590000FZ* | *Don José Trastoy Reigosa* | *33.835.348-W* |
| *27033A010000870000FT* | *Dona Mª Esther López Barro* | *76.556.950-R* |
| *27033A047001540000FY* | *Dona Mª Inmaculada Pumariño Riguera* | *33.999.461-X* |
| *27033A062001860000FE*<br>*27033A062001890000FU*<br>*27033A062001870000FS* | *Dona Mª Vicenta Guerreiro Barreiro* | *33.762.436-T* |
| *27033A062001210000FJ* | *Don Nicasio Díaz Arias* | *76.522.268-A* |
| *27033A029001600000FF* | *Don Ramiro Ramudo Penabad* | *33.762.665-E* |
| *27033A093002520000FB* | *Don Ramón Ángel Montouto Funcasta* | *33.818.310-F* |
| *27033A093003300000FK* | *Dona María Isabel Carballido Insua* | *76.544.569-V* |

***2º.-*** *Denegar as restantes solicitudes de bonificacións polas razóns expostas no informe técnico.*

P-2703300-J
Praza da Galeguidade, 4 – 27836. Muras (Lugo)
Tfno: 982 500001/12. Fax: 982 500063

***3º.-*** *Notificar a todos os interesados e dar conta deste acordo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación da Deputación de Lugo."*

Logo dun pequeno intercambio de opinións entre os distintos voceiros municipais o Pleno da corporación acorda por unanimidade dos presentes :

Primeiro : Aprobar por unanimidade dos presentes a proposta da Alcaldía.

Segundo : Notificar ós solicitantes, dando a opción a que presenten as alegacións que consideren ou os recursos que procedan.

**SEGUNDO.- ESCRITO Á EMPRESA " SERVIZOS SOCIAIS VIRXE DO CARME,SL"**

O Señor Alcalde da traslado ao pleno dun Escrito enviado á empresa "Servizos Sociais Virxe do Carme,S.L", que non estaba incluído nos puntos da orde do día polo que solicita ó Pleno que debata a urxencia da súa presentación.

Todos os membros da Corporación acordan por unanimidade debater sobre a petición do Señor Alcalde para que o Pleno se pronuncie sobre a contestación á empresa "Servizos Sociais Virxe do Carme, S.L" na que esta solicitaba novos prezos pola prestación do Servizo de Axuda do Fogar.

A continuación transcríbese o escrito que o señor Alcalde lle remitiu á mencionada empresa en resposta á demanda da mesma solicitando novos prezos pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar como segue :

***Manuel Requeijo Arnejo, Alcalde-Presidente do Concello de Muras.***

*Visto o escrito presentado por José María Durán Sueiras, en representación da empresa "Servicios Sociais Virxe do Carme S.L." con rexistro de entrada No 2018-E-RE-56 de data 20 de decembro de 2018 no que solicita que o concello de Muras acepte os novos prezos propostos pola empresa con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2019 pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar.*

*Visto que por parte do concello de Muras asinouse un contrato para a xestión do servizo de axuda no fogar coa empresa "Servicios Sociais Virxe do Carme S.L." en data 6 de setembro de 2013, e que expirou en data 5 de setembro de 2018, sen que exista xa posibilidade de prorrogar máis tempo o contrato*

P-2703300-J
Praza da Galeguidade, 4 – 27836. Muras (Lugo)
Tfno: 982 500001/12. Fax: 982 500063

*Visto que o concello ten iniciado os trámites para continuar ofrecendo dito servizo co mesmo obxecto e finalidade aos veciños e veciñas de Muras, ao ter acordado o estudio e valoración dos custes, de conformidade ao disposto na nova Lei de contratos.*

*Visto que o actual contratista, en data 13 de setembro manifestou a disponibilidade para a continuidade do servizo ata a formalización do novo contrato de xestión do servizo, previa tramitación do procedemento de contratación oportuno.*

*Vista a necesidade de seguir asegurando a prestación do servizo de axuda no fogar no concello de Muras, que na actualidade atende a unha media de 50 persoas usuarias, por tratarse dunha situación que garante o interese xeral.*

*Visto que o artigo 29.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público establece que se pode prorrogar o contrato xa vencido por un período máximo de nove meses, pero sen modificar as restantes condicións do contrato.*

*Visto que en data 24/10/2018 o Alcalde-Presidente do concello de Muras aprobou prorrogar o contrato vencido cun Decreto que resolvía "Acordar a continuidade da prestación do Servizo de Axuda no Fogar por parte da empresa "Servicios Sociais Virxe do Carme S.L", con carácter retroactivo desde o día 6 de outubro de 2018, nas mesmas condicións de execución e prezo estipuladas no contrato vixente, polo tempo estritamente necesario para a adxudicación do novo contrato."*

***RESOLVO :***

***1o.-** Rexeitar a proposta da actual empresa adxudicataria "Servicios Sociais Virxe do Carme S.L" de establecer novos prezos pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar no concello de Muras, en cumprimento do estipulado na Lei de Contratos do Sector Público.*

***2o.-** Notificar a presente Resolución á empresa "Servicios Sociais Virxe do Carme S.L" para o seu coñecemento.*

***3o.-** Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre e cumprimento do estabelecido no artigo 42 do Real decreto lexislativo 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais.*

Visto o anterior, O Pleno da Corporación por unanimidade dos presentes acorda :

**PRIMEIRO** : Ratificar o escrito asinado por Alcaldía de data de 28-12-2018 en todos os seus puntos.

**SEGUNDO:** Continuar co estudo económico sobre posible futura licitación para estudar en que condicións se presta o servizo.

**TERCEIRO:** Estudar a posibilidade de prestar o servizo directamente polo Concello.

P-2703300-J
Praza da Galeguidade, 4 – 27836. Muras (Lugo)
Tfno: 982 500001/12. Fax: 982 500063

Non habendo máis cuestións a tratar remata dáse por rematada a sesión plenaria ás 10:55 horas do 31 de Decembro do 2018 da que se estende a presente acta que asina comigo o Alcalde Presidente e de todo que eu como Secretario dou Fe.

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Muras a 31 de Decembro de 2018.